

**PROGRAMACIÓN  
DO 1º CURSO DE  
EDUCACIÓN  
PRIMARIA**

**CEIP de Curtis**

**Mestra: Ana Naveira Vázquez**

**Curso 2021/22**

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. OBXECTIVOS.
3. COMPETENCIAS CLAVE.
4. TEMPORALIZACIÓN.
5. METODOLOXÍA.
6. RECURSOS: MATERIAIS, ESPACIAIS E PERSOAIS.
7. ACTIVIDADES.
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
9. TÉCNICAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN.
10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.
11. MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA DE CADA MATERIA.
12. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.
13. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE
14. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN
15. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS:
  - a. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.
  - b. LINGUA GALEGA E LITERATURA.
  - c. CIENCIAS DA NATUREZA.
  - d. CIENCIAS SOCIAIS.
  - e. MATEMÁTICAS.
  - f. EDUCACIÓN PLÁSTICA
  - g. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.
16. PROGRAMAS EDUCATIVOS
17. PLAN DE CONVIVENCIA

## 1. INTRODUCCIÓN

Esta programación traballárase no presente curso 2021/22 no 1º curso de Educación Primaria no Ceip de Curtis. Trátase dunha programación aberta e flexible, xa que se incluíra nela calquera proposta que axude a desenvolvela, tendo en conta as experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptándose aos diferentes ritmos e estilos de traballo.

Atopámonos ante unha nova realidade educativa, debido á crise sanitaria que estamos a vivir por mor do virus COVID-19. Ante isto, temos que considerar a posibilidade de que ademais dun ensino presencial, poida darse a situación de ensinanza non presencial. Como consecuencia, nesta programación recóllese as actuacións previstas no caso dun período de actividade lectiva mediante medios telemáticos.

Durante este curso facilitaráselles ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de noções básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de acadar unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Cómpre destacar que, adaptándonos á nova realidade na que vivimos, prepararase ao alumnado dándolle un valor fundamental ás TIC.

As disciplinas agrúpanse en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. Así, dentro do bloque de disciplinas troncais presentase a programación para as seguintes áreas:

- a) Ciencias da Natureza.
- b) Ciencias Sociais.
- c) Lingua Castelá e Literatura.
- d) Matemáticas.

Pola súa parte, do bloque de disciplinas específicas, recóllese a programación destas áreas:

- a) Educación artística: Plástica.
- b) Valores cívicos e sociais.

No bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, forma parte desta programación a seguinte área:

- a) Lingua galega e literatura.

## 2. OBXECTIVOS

Para conducir a aprendizaxe cara a adquisición das competencias clave establécense os obxectivos, que son referentes relativos aos logros que os alumnos/as deben acadar ao rematar o proceso educativo como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe. Estes obxectivos deben ser traballados ao longo dos seis niveis da Educación Primaria.

Débese ter en conta que os obxectivos son un elemento moi importante dentro do proceso educativo, posto que son o punto de partida para seleccionar, organizar e conducir os contidos. Así, os obxectivos que debe acadar o alumando ao finalizar a etapa de Educación Primaria aparecen definidos na LOMCE (Artigo 17) e no Decreto 105 (Artigo 3), co propósito de que todo o alumnado adquira uns mínimos, chamados obxectivos xerais de etapa, os cales se traballarán dende esta programación:

**a.** Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordó con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade.

**b.** Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

**c.** Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

**d.** Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

**e.** Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a linguacastelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

**f.** Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.

**g.** Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operación elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situación da súa vida cotiá.

**h.** Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relación coas demais persoas, así como una actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.

n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Ademais, dada a actual situación sanitaria, enfrontámonos no presente curso ante a obrigada posta en marcha dun conxunto de obxectivos que permitan desenvolver a actividade educativa na actualidade, centrados en:

- Desenvolver medidas de prevención, hixiene e protección.
- Adaptar as Normas de Organización e Funcionamento á nova realidade educativa.
- Enfocar a atención no eido emocional e social do noso alumnado.
- Orientar a aprendizaxe cara a mellora da competencia dixital do noso alumnado.

### **3. COMPETENCIAS CLAVE**

A LOMCE, o Decreto 105/2014 e a Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, ESO e Bacharelato poñen o acento na adquisición e desenvolvemento das competencias clave, definíndoas como: "as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

Polo tanto, a través da súa consecución, o alumando será capaz de lograr a realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. Así, a aprendizaxe baseada

en competencias caracterízase pola súa transversalidade, dinamismo e carácter integral. Polo tanto, a incorporación das competencias supón dotar de funcionalidade aos contidos e formar discentes que sexan capaces de transferir coñecementos.

Ademais, estas están relacionadas coas intelixencias múltiples de Gardner, as cales se traballarán diariamente mediante actividades orientadas a cada unha: lingüística, lóxico-matemática, musical, corporal, espacial, naturalista, inter e intrapersonal. Para iso, deseñaranse tarefas de aprendizaxe integradas que favorezan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas. Dende esta programación contribuirase á consecución e desenvolvemento das sete competencias:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### **4. TEMPORALIZACIÓN**

Os obxectivos propostos para o 1º nivel de Educación Primaria distribuiranse ao longo dos tres trimestres. A pesar da temporalización prevista, se fose preciso dedicar máis tempo do planificado, farase unha flexibilización para adaptarse ao ritmo e capacidades do alumnado e ó ritmo de traballo da aula.

A organización do tempo farase en función do horario e con flexibilidade. Ademais tamén hai que ter en conta que no presente curso hai que dispoñer de tempo para a hixienización e as entradas e saídas escaladas do centro e da aula.

As unidades didácticas están divididas do seguinte xeito:

##### **1º trimestre**

#### **Lingua Galega, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (globalizado)**

Unidade 1: Unha clase nova.

Unidade 2: En equipo.

Unidade 3: Tempo de castañas.

Unidade 4: Chega o Nadal.

#### **Lingua Castelá**

Unidade 1: Nos conocemos.

Unidade 2: Y a ti, ¿qué te gusta?

Unidade 3: Mueve ficha .

Unidade 4: ¡Todo el mundo a escena!

### **Matemáticas**

Unidade 1: ¡Ya estamos en primaria!

Unidade 2: Números alrededor.

Unidade 3: Un rincón matemático.

Unidade 4: Juegos para pensar.

## **2º Trimestre**

### **Lingua Galega, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (globalizado)**

Unidade 5: Gotas e máis gotas.

Unidade 6: Contando contos.

Unidade 7: As nosas árbores.

Unidade 8: Animalíños.

### **Lingua Castelá**

Unidade 5: En un país muy lejano.

Unidade 6: Érase una vez...

Unidade 7: ¡En forma!

Unidade 8: ¡No te lo pierdas!

### **Matemáticas**

Unidade 5: Adivina, adivinanza.

Unidade 6: Matemáticas de cuento.

Unidade 7: Me conozco.

Unidade 8: Una historia de números.

## **3º Trimestre**

### **Lingua Galega, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (globalizado)**

Unidade 9: Cousas de antes.

Unidade 10: Maíño, maio.

Unidade 11: Unha viaxe no tempo.

Unidade 12: Chegan as vacacións.

## **Lingua Castelá**

Unidade 9: Historias curiosas.

Unidade 10: Recuerdos .

Unidade 11: Grandes genios.

Unidade 12: ¡Así funciona!

## **Matemáticas**

Unidade 9: Aprendo cantando.

Unidade 10: ¡Qué bien me lo paso!

Unidade11: Una máquina matemática.

Unidade 12: Relojes del mundo.

Esta temporalización está prevista para unha ensinanza presencial. Se ao longo do curso debemos pasar a unha posta en marcha do **proceso de ensino-aprendizaxe de forma non presencial**, os contidos desenvolveranse tendo en conta ás necesidades da nova realidade.

Dende todas as áreas, traballarase en torno ao Proxecto Documental Integrado: “Namor-arte”.

## **5. METODOLOXÍA**

Tal e como se atopa recollido no Artigo 4 do Decreto 105, a metodoloxía didáctica defínese como o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos plantexados. Así, na metodoloxía quedan agrupadas todas as decisións referidas aos recursos didácticos e agrupamentos do alumnado, as opcións metodolóxicas que mellor se axusten aos contidos propios da área, o papel do profesorado e do alumnado, as técnicas didácticas e o emprego dos espazos e os tempos dispoñibles.

Neste apartado trataranse os principios metodolóxicos que guiarán a práctica docente. Estes principios básicos de intervención educativa están enmarcados nunha concepción constructivista da aprendizaxe, destacando:

**a. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado:** o que esixe ter en conta as características do nivel evolutivo no que se atopa o alumando, que determinan, en gran medida, as capacidades que ten, así como as súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe.



**b. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas:** para isto, o contido debe ser potencialmente significativo e o alumnado debe de mostrar unha actitude favorable para aprender significativamente, relacionando os novos contidos cos que xa sabe.

**c. Lograr a autonomía do alumnado:** trátase de que os alumnos e alumnas sexan capaces de aprender a aprender; polo tanto, débese prestar especial atención á adquisición de estratexias cognitivas, de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe.

**d. Propiciar unha intensa actividade- interactividade por parte do alumnado:** esta actividade consiste en establecer relacións ricas entre o novo contido e os esquemas de coñecemento xa existentes; traballando ademais, na zona de desenvolvemento próximo.

Pola súa parte, teremos en conta que a interacción constitúe o núcleo do proceso de ensino e aprendizaxe, xa que o coñecemento é construído conxuntamente, producíndose unha interactividade entre dúas ou máis persoas. Neste sentido, a actividade do alumnado ven condicionada á súa vez pola actividade docente; de nós dependerá o tipo de organización da clase e o tipo de interacción. Partindo desta concepción, o modelo de docente que se terá en conta, será o denominado observador-interventor; que crea situacións de aprendizaxe coas condicións necesarias para que o alumnado sexa capaz de construír o coñecemento. Así, basearémonos na figura do mestre/a como deseñador/a de experiencias e aprendizaxe nas que eles mesmos gozan, participan e aprenden.

Ademais, centrarémonos no cumprimento das normas recollidas no Plan de Convivencia do centro. Procurarase o achegamento e comunicación cos alumnos/as diariamente, e máis na situación actual orixinada pola crise sanitaria, que fai imprescindible o traballo das relacións sociais. Para isto ofrecerase unha relación distendida e fluída que favoreza diversos aspectos para o grupo como colaboración, confianza, empatía, autonomía, igualdade, sinceridade, compañeirismo, xenerosidade e tolerancia.

Este curso a organización do espazo na aula dificulta a formación de grupos flexibles, xa que é a seguinte:

- Os alumnos están separados 1,2 metros de distancia.
- Hai tres filas de tres alumnos/as; todos/as mirando cara a mesa da mestra, o encerado e a pizarra dixital.

Non obstante, isto non impide que se poidan facer grupos de traballo mantendo a distancia, se algunhas actividades así o reclaman. Polo tanto, os agrupamentos responderán ao obxectivo e ao tipo de actividade que se leve a cabo, pero no presente curso predominará:

- **Traballo en gran grupo:** toda a clase participa na actividade en cuestión, sendo especialmente útil para traballar en torno a actividades de avaliación inicial, a presentación

dun tema, a determinación e regulación de normas de convivencia, comunicación de experiencias, debates, dramatizacións ou xogos.

- **Traballo individual:** permite un maior grao de individualización, sendo especialmente útil para actividades de carácter máis memorístico e de afianzamento de conceptos.

A actividade lectiva vaise realizar maioritariamente dentro da propia aula, para facilitar o bo funcionamento do grupo burbulla.

O alumnado de 1º irá nunha sesión semanal á aula de informática. En cada sesión irá metade do grupo, permanecendo na aula a outra metade, cunha mestra de garda.

No referente á “Hora de ler”, desenvolverase na propia aula.

Por último, en caso de **supresión da actividade lectiva presencial**, o alumnado poderá acceder a propostas de traballo semanal a través da páxina web do centro. Estas tarefas unha vez realizadas deberán ser enviadas á mestra para a súa corrección, a través do correo electrónico.

O alumnado que o necesite pode empregar o servizo de impresión habilitado polo concello de Curtis, que permite garantir o dereito á educación a aquel alumnado que non conte cos medios e recursos precisos para levar a cabo a ensinanza telemática.

## 6. RECURSOS

Os **recursos materiais** caracterízanse pola súa variedade e o amplo abanico de posibilidades de uso, facilitando así o desenvolvemento das actividades formativas. Nesta liña, priorizarase que o alumnado empregue recursos da vida cotiá, das tecnoloxías e, moi especialmente, aqueles que posibiliten a atención á diversidade; entre os que destacan:

- **Material de área:** neste caso, empregarase diversos materiais relacionados como os libros propios de cada materia, cadernos de traballo, láminas ilustradas, tarxetas de letras e números, xogos de linguaxe e de matemáticas, contos, álbumes ilustrados, pasatempos, textos continuos e discontinuos...

- **Materiais ambientais:** empregaranse diferentes tipos de material relacionado coa vida cotiá do alumnado e da súa familia (folletos, catálogos de publicidade, carteis, anuncios, etiquetas, horarios ou receitas), así como diferentes tipos de documentos como envases, rimas, cancións...

- **Materiais audiovisuais e informáticos:** entre os que destacan a cámara fotográfica e/ou de vídeo, o proxector, equipos de vídeo e radio, televisión, reprodutor de CD e DVD, micrófonos, ordenador e pizarra dixital, entre outros.

- **Material funxible:** fai referencia a aquel material de uso común e diario na aula como libros, lapis, goma, cadernos, folios, tesoiras, pegamento, ...

En canto aos **recursos humanos**, estes fan referencia ás persoas que interveñen co alumnado ao longo do curso, tendo en conta o catálogo actual de profesorado, entre os que destacan: o profesor/a titor/a, os especialistas (linguas estranxeiras, educación física e música), o Departamento de Orientación (mestres de PT e AL), as familias que estarán presentes en todo momento no proceso educativo dos seus fillos/as, persoal especializado, os CFR e os Equipos de Orientación Específicos, entre outros.

No tocante aos **recursos espaciais**, destaca o uso da aula de informática. Nela achegaremos aos nenos/as de 1º ao funcionamento dun ordenador e as súas funcións básicas, a busca e selección de información na rede e a realización de actividades dixitais simples, adaptadas a súa idade e sempre dende un punto de vista lúdico.

Tamén se empregará a biblioteca do centro, adaptada á nova situación, empregando unha selección de obras para facilitar o achegamento aos discentes e que será proporcionada polo equipo docente da biblioteca. A biblioteca como fonte de recursos complementará a aprendizaxe do alumnado de 1º, que se está iniciando no proceso lectoescriptor.

No caso de situarnos nun **proceso de ensinanza-aprendizaxe non presencial** empregaranse os seguintes recursos:

- **Cisco Webex Meetings**: permite reunións na rede, elaborar e traballar con presentacións, revisar documentos, compartir obxectos no escritorio...
- **Abalar**: aplicación de mensaxería que permite crear unha canle de comunicación coas familias da titoría, para enviar información de interese.
- **Páxina web do centro**, na que se compartirán as tarefas propostas.
- **Correo electrónico**, que será o medio para o envío das tarefas.

## 7. ACTIVIDADES

O desenvolvemento axeitado das actividades é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos e a asimilación dos contidos por parte do alumnado. Así, moitas das propostas de traballo para esta programación xurdirán dun problema, acontecemento ou inqueda que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes. Así, levaranse a cabo varios proxectos, tarefas, experiencias de aprendizaxe servizo, prácticas de aprendizaxe colaborativa e experiencias en comunidades de aprendizaxe en cada unha das unidades didácticas as cales estarán integradas no currículo e serán competenciais, cooperativas, vivenciais e, seguindo o Marco Común Europeo, disporanse en tarefas, actividades e exercicios, formulándose como segue:

- **Actividades de introdución-motivación e coñecementos previos:** serven para introducir ao alumno no tema que se aborda e así coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros conceptuais e, ao mesmo tempo, espertar e motivar ao alumnado cara a nova aprendizaxe.
- **Actividades de desenvolvemento:** son aquelas que cuestionan e amplían os coñecementos previos do alumnado, axudándolles a coñecer os novos conceptos, procedementos e actitudes.
- **Actividades de consolidación:** nas que se contrastan as novas ideas coas previas dos alumnos/as, mentres se aplican as novas aprendizaxes, motivándoos para aprender.
- **Actividades de recuperación e reforzo:** destinadas ao alumnado que non acadou os coñecementos traballados, baseadas en contidos básicos e esenciais, en cada unidade.
- **Actividades de ampliación:** aquelas que permiten seguir construíndo coñecementos para aqueles alumnos/as que realizaron con éxito as actividades de desenvolvemento.
- **Actividades conmemorativas e festas tradicionais:** traballaranse durante todo o curso, tendo en conta a Orde de calendario correspondente.
  - Ademais das actividades programadas para cada unha das materias, participaranse en todas as que propoñan os diferentes **equipos:** Biblioteca, TIC, Dinamización da Lingua Galega e Actividades Complementarias e Extraescolares.

No caso da supresión das clases presenciais, levaranse a cabo **actividades telemáticas** ás que o alumnado accederá dende a páxina web do centro.

## 8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 229/2011, no seu artigo 4, recolle que "a atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa. Así, esta abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais."

En canto á diversidade existente na aula, poranse en marcha medidas ordinarias, definidas no Artigo 8 do Decreto 229/2011 como "aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado", o cal esixe que a programación sexa aberta e flexible, adaptada ás características do alumnado, tendo en conta:

**a. Fomento da atención individualizada.** Levarase a cabo unha avaliación inicial por parte do titor, que permitirá coñecer a cada alumno/a e ás súas circunstancias; así como a consulta dos informes de cursos anteriores e entrevistas individuais coas familias, a través

de medios telemáticos. Isto favorecerá a detección temperá de calquera tipo de dificultade e ao establecemento das medidas de reforzo necesarias.

**b. Axuda pedagóxica dende as programacións.** Todos os compoñentes da programación serán traballados dende un nivel básico e dende un nivel avanzado; así, esta basearase nuns contidos mínimos que deben ser conseguidos polo alumnado. Neste sentido, en todas as unidades didácticas estableceranse uns obxectivos principais de obrigada adquisición para todo o grupo, e outros secundarios, para atender á diversidade da aula. Ademais, terase en conta a necesidade da eliminación de todo tipo de barreiras: sociais, físicas, sensoriais, cognitivas, estruturais, comunicativas e curriculares.

- En canto á **metodoloxía**, esta é considerada como unha ferramenta clave para a atención á diversidade; polo que se terán en conta os seguintes aspectos:

- As **actividades** adaptaranse ás características do alumnado; polo que responderán aos distintos graos de aprendizaxe, ordenadas e graduadas secuencialmente. Así, a adaptación de actividades supón un ambiente de traballo que favorece a autonomía e o traballo en grupo, de tal forma que o mestre teña unha maior dispoñibilidade para ir axustándoas en cada caso e proporcionar o tipo de axuda máis convinte en cada unha.

- En canto aos **materiais empregados**, estes serán abertos e non homoxéneos; polo que estarán elaborados e deseñados tendo en conta os diferentes niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe.

- En relación á **organización do espazo**, é fundamental a eliminación de calquera tipo de barreira. De igual xeito, é necesario que os espazos da aula se organicen de forma clara para o alumnado e respectando as distancias e medidas de seguridade necesarias na actualidade.

- En canto á **organización temporal**, resulta imprescindible a flexibilización dos tempos á hora de realizar as actividades; así como a existencia de tempos dentro e fóra da aula para a titoría colectiva e individual.

- No tocante ao tipo de **agrupamentos**, deberase ter en conta o tipo de actividade ou os obxectivos que se persigan. Para iso, levaranse a cabo preferiblemente prácticas de traballo individual ou, nalgún caso, de estrutura cooperativa, se estas permiten manter as distancias precisas.

- Teremos sempre presente a posibilidade de que poida xurdir calquera tipo de necesidade ao longo do curso e estaremos en contacto co Departamento de Orientación para solicitar a súa colaboración se fose necesario.

- No caso da supresión das clases presenciais, levaranse a cabo **actividades telemáticas adaptadas e individualizadas** para o alumnado que o precise.

## 9. AVALIACIÓN

A avaliación é un proceso fundamental da práctica educativa, mediante o cal tanto o profesorado coma o alumnado buscan e empregan a información procedente de diversas fontes para chegar a un xuízo de valor, e así orientar e tomar as decisións necesarias sobre o proceso de ensino e aprendizaxe; tendo en conta a *Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia*. Así, esta conta con tres funcións esenciais: permite o axuste da práctica pedagóxica ás características individuais do alumnado; determina o grao no que se conseguiron os obxectivos e as competencias clave e valora a programación e o conxunto da intervención educativa.

Seguindo esta premisa, a avaliación considérase como un proceso compartido na reflexión e recolección de variadas evidencias de aprendizaxe, tanto do proceso como dos produtos, e que ademais guía ao alumnado co obxecto de facerse máis responsable e autónomo en calquera decisión da vida. Así, esta considérase como unha ponte que regula o proceso de andamiaxe e a construción do coñecemento mediante múltiples oportunidades e ferramentas.

En canto aos momentos da avaliación, seguindo o establecido no artigo 12 do Decreto 105/2014, terase en conta que: "A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas". Destacan así:

**1. Avaliación inicial:** permite adecuar as intencións educativas aos coñecementos previos, intereses, capacidades e necesidades do alumnado. Os resultados da avaliación inicial serán o punto de referencia á hora de elaborar a programación de aula, así como, adoptar medidas de apoio, reforzo e recuperación. Neste curso terase en conta á hora de realizar a avaliación inicial os contidos non traballados no curso 2019/2020 debido á suspensión das clases presenciais por causa do COVID-19.

**2. Avaliación procesual:** coa que se irá axustando a axuda educativa segundo a información que se vaia producindo (observación na aula, revisión de materiais, actividades, traballos...). Ademais, esta avaliación permite detectar o momento no que se produce unha dificultade, as causas que a provocan e as medidas necesarias que se deben poñer en marcha.

**3. Avaliación final:** constitúe a culminación do proceso; polo que permite o coñecemento do grao de aprendizaxe sinalado para cada alumno/a, e o punto de partida para unha nova intervención.

Ademais, é importante resaltar que a avaliación da propia práctica docente considérase como unha das estratexias de formación máis potentes para a mellora da calidade do proceso de ensinanza; e así queda exposto no artigo 12 do Decreto 105/2014: "Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes". Neste sentido, avaliarase o grao de adecuación da programación e dos seus elementos, así como a actitude e grao de implicación do profesorado. Ademais, levarase a cabo unha valoración da propia avaliación realizada; comprobando así se esta foi a axeitada e se a información obtida é útil e verídica.

## 9.1 TÉCNICAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

A avaliación está dirixida á mellora da aprendizaxe do estudante, polo que debe poñer especial énfase nos procesos que se levan a cabo; seleccionando aquelas técnicas e instrumentos que contribúan á construción permanente de aprendizaxes. Enténdese por **técnicas** os métodos a través dos cales se leva a cabo a recollida de información sobre a adquisición das competencias, o dominio dos contidos ou o logro e obxectivos, criterios e estándares.

Por outro lado, os **instrumentos** son o medio mediante que se obtén a información; servindo como soporte físico para a recollida de información sobre as aprendizaxes dos estudantes. Ao longo desta programación empregaranse as seguintes técnicas de avaliación cos seus correspondentes instrumentos:

**1. Técnicas de observación.** Teñen como obxectivo a avaliación do desenvolvemento da aprendizaxe en calquera momento da avaliación continua; través das que se percibirán os coñecementos, habilidades e actitudes. Empregaranse diversos instrumentos como: listas de control, escalas de observación, rexistro anecdótico e rúbricas.

**2. Situacións orais de avaliación.** Teñen como obxectivo a avaliación do alumnado mediante actividades relacionadas coa expresión oral, a lectura, a comunicación, o vocabulario, a fluidez ou o razoamento. Para a avaliación do alumnado, faranse rutinas, preguntas diarias, entrevistas, diálogos e coloquios en diferentes momentos e situacións que o requiran.

**3. Controis / fichas escritas.** Aquelas que o alumnado debe realizar de forma escrita e que estarán relacionadas co desenvolvemento de diferentes obxectivos ou competencias. Para isto, empregaranse fichas que servirán para saber se o alumnado acadou os obxectivos en cada área.

**4. Exercicios prácticos.** Aqueles que teñen como obxectivo a posta en práctica dos diversos coñecementos, habilidades e actitudes adquiridos por parte do alumnado. Empregaranse así, diversos exercicios ao longo do curso, que o alumnado realizará de xeito autónomo, tendo ao mestre como guía.

**Técnicas e Instrumentos para a avaliación do proceso de aprendizaxe presencial:**

TÉCNICAS	INSTRUMENTOS	MOMENTO
Observación directa.	Listas de control. Rexistro anecdótico.	En todo momento.
Revisión das tarefas.	Guía e fichas para o rexistro.	Habitualmente.
Controis.	Preguntas estruturadas.	Ao final da fase de aprendizaxe.

**-Técnicas e instrumentos para a avaliación do proceso de ensino- aprendizaxe non presencial.**

TÉCNICAS	INSTRUMENTO	MOMENTO
Revisión das tarefas.	Guías e fichas para o rexistro.	Habitualmente.

**10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Teranse en conta os **criterios de avaliación** e os **estándares avaliáveis de aprendizaxe** establecidos no Decreto 105/2014, para as distintas áreas do 1º curso de EP, que se abordarán ao longo das unidades e que serán públicos para toda a comunidade educativa e para as familias. Avaliarase:

- a.** Coñecementos, habilidades e destrezas; relacionados cos coñecementos que se pretenden acadar, o emprego de instrumentos, capacidades para desenvolver o traballo...
- b.** Hábitos de traballo; relacionados cunha boa actitude ante o traballo (iniciativa, constancia, responsabilidade...) e durante a súa realización (orixinalidade, creatividade, limpeza, orde...).
- c.** Actitude, comportamento e integración no grupo; tendo en conta a relación consigo mesmo cos compañeiros e co mestre.

- No referente ás **notas numéricas** cómpre sinalar que, tal e como se recolle no currículo: “a nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será



a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior”.

- A valoración por parte da mestra usará a seguinte baremación: INSUFICIENTE (4), SUFICIENTE (5), BEN (6), NOTABLE (7/8), SOBRESAÍNTE (9/10).

Para avaliar cada unha das materias teranse en conta os seguintes aspectos:

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE PRESENCIAL:**

- Realización e entrega de tarefas.....	20%
- Consecución dos contidos específicos.....	60%
- Cumprimento das normas.....	10%
-Participación, esforzo e motivación.....	10%

#### **OBSERVACIÓNS SOBRE OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE APRENDIZAXE PRESENCIAL**

- En canto á **realización e entrega de tarefas** terase en conta as fichas e exercicios escritos, outras actividades da aula, libros e cadernos. Valorarase: a realización e corrección dos exercicios, limpeza, claridade, orde e caligrafía.

- No tocante á **consecución dos contidos específicos**, levarase a cabo a súa valoración mediante unha observación diaria das intervencións orais e coas actividades escritas específicas, así como coa realización de fichas-controis ao remate de cada unidade didáctica.

- No referente ao **cumprimento das normas**, mediante unha observación directa e diaria valorarase se o/a alumno/a é ordenado/a na aula e coida o material, atende ás instrucións para realizar o traballo e se ten un comportamento axeitado atendendo ás normas básicas de convivencia.

- No tocante á **participación, esforzo e motivación**, a través dunha observación directa e diaria valorarase se o alumnado ten unha actitude positiva cara ás tarefas, realiza preguntas e intervencións orais, presenta o traballo ordenado e se se esforza por mellorar.

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE NON PRESENCIAL:**

a) Realización e entrega das tarefas en prazo.....	50%
b) Orde, limpeza e claridade.....	30%
c)Correcto desenvolvemento das tarefas: dominio dos contidos.....	20%

## **OBSERVACIÓNS SOBRE OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE NON PRESENCIAL**

- En canto á **realización e entrega de tarefas** teranse en conta todas as actividades propostas que poden ser: fichas, exercicios dos libros e cadernos, actividades dixitais... Valorarase: a realización e entrega na data proposta.
- No referente á **orde, limpeza e claridade** terase tamén en conta a caligrafía.
- No referente ao **correcto desenvolvemento das tarefas: dominio dos contidos**, valorarase a boa realización dos exercicios, aplicando os contidos xa traballados.

### **NO CASO DE AMBOS TIPOS DE ENSINANZA: PRESENCIAL E NON PRESENCIAL:**

- Sempre se terá en conta en maior proporción a nota a primeira. Neste caso, a ensinanza presencial suporá un 70% e a non presencial, un 30%, proporcionalmente á temporalización trimestral de unha delas.

## **11. MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA DE CADA MATERIA.**

Ao longo das unidades desta programación expresaranse de forma explícita os **estándares de aprendizaxe avaliábeis imprescindibles** co obxecto de superar a área correspondente, os cales se terán en conta á hora de valorar o grao de suficiencia do alumnado. Así, cando adquira a totalidade dos estándares imprescindibles, poderase determinar que o alumnado acadou a calificación necesaria para promocionar (estes mínimos quedan destacados en negriña nas táboas de cada unha das áreas desta programación).

### **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

- Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
- Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
- Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.
- Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.
- Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.
- Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

- Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
- Descodifica de forma adecuada na lectura de textos moi sinxelos.
- Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
- Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lalos.
- Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
- Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
- Usa o punto nos seus escritos.
- Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.
- Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
- Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
- Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- Recoñece a relación entre son e grafía.
- Separa as palabras que conforman un enunciado.
- Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
- Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.
- Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.

## **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

- Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.

- Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.
- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
- Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
- Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.
- Utiliza correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...
- Le con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
- Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...
- Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.
- Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da lingua castelá en palabras significativas.
- Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...
- Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
- Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
- Distingue xénero e número en palabras habituais.
- Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.
- Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.
- Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
- Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.
- Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

## **MATEMÁTICAS**

- Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.
- Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de matemáticas.
- Le, escribe e ordena números ata o 99.
- Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
- Utiliza os números ordinais en contextos reais.
- Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.

- Descompón números naturais, interpretando o valor de posición das súas cifras.
- Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.
- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
- Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
- Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
- Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.
- Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.
- Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.
- Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.
- Resolve problemas sinxelos da vida diaria empregando as medidas temporais e a súa relación.
- Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
- Resolve problemas sinxelos de medida.
- Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba- abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.
- Describe a situación dunobxecto do espazo próximo en relación a outro utilizando conceptos de esquerda-dereita, diante- detrás, preto - lonxe e próximo - afastado.
- Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.
- Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.
- Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.

## **CIENCIAS DA NATUREZA**

- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
- Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
- Recoñece partes do propio corpo.
- Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.
- Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.

- Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.
- Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
- Amona condutas de respecto e coidado cara os seres vivos.
- Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
- Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
- Identifica a terminoloxía propia da área.
- Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
- Describe as características principais do aire e da auga.
- Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
- Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.
- Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.
- Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.
- Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.
- Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
- Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
- Identifica as partes da casa, represéntaas nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.
- Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
- Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.
- Coñece os sinais de tráfico necesarios para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.
- Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución dalgúns feitos relevantes da súa vida persoal e emprega as unidades de medida de tempo máis básicas.
- Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.

## **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

- Expressa a percepción da súa propia identidade.
- Dramatiza diferentes estados de ánimo.
- Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.
- Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.
- escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.
- Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.
- Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.
- Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.
- Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.
- Fai uso adecuado do material.

## **EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA**

- Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.
- Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.
- Identifica os tamaños.
- Identifica e usa as cores aprendidas.
- Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.
- Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.
- Identifica os diferentes tipos de liña.
- Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.
- Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.
- Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.
- Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.
- Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.
- Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinces, rotuladores, lapis de cores etc.).
- Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.

## **12.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

Segundo a **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

## **13.- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE**

-Garantir o cumprimento da programación.

-Axustar a práctica docente ás particularidades do grupo e ás necesidades do alumnado.

-Valorar a adecuación das actividades e dos materiais para a consecución dos obxectivos propostos.

-Detectar dificultades, problemas e fortalezas.

-Manter unha comunicación fluida co equipo docente e co Departamento de Orientación.

-Manter unha comunicación fluida así como fomentar a participación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos educandos.



#### **14.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**

Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:

- Uso da metodoloxía axeitada para a adquisición de cada aprendizaxe.
- Recursos necesarios e axeitados a cada situación e momento de aprendizaxe.
- Coherencia entre os diferentes elementos curriculares.
- Temporalización axeitada e secuenciación óptima dos contidos a traballar.
- Coordinación do equipo docente.
- Participación e colaboración coas familias.

#### **15. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS.**

##### **a) LINGUA CASTELÁ E LITERATURA: OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE.**

O ensino da área de LinguaCastelá e Literatura ao longo da Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade. A lingua apréndese, non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, o profesorado de lingua debe guiar o alumnado para facelo usuario consciente do potente instrumento que é a lingua, a competencia en comunicación lingüística, para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo; utilizar a potencia do manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz, e lograr un avance substancial no desenvolvemento das súas posibilidades.

Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento, debe situarse o ensino da literatura. Transmisora de cultura e tamén liberadora, a literatura incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á

creación e á reflexión crítica. E vai de par coa lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

Pola súa parte, os contidos didácticos defínense como un conxunto de informacións diversas que permiten e deben potenciar a construción dos coñecementos do alumnado, para que así sexan aplicados en situacións reais do seu entorno.

Así, a área de Lingua Castelá e Literatura articúlase en cinco bloques de contidos que se traballarán de xeito integrado ao longo de todo o curso:

**Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.

**Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.

**Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.

**Bloque 4.** Coñecemento da lingua.

**ÁREA :**

**LINGUA CASTELÁ E LIT  
ERATURA**


**CURSO:PRIMEIRO**

Obxectivos

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe



a c d e	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto áquenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais.	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra.	<p><b>LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.</b></p> <p><b>LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</b></p>
b e	B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	B1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e integran as producións propias.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.

<p>a b e</p>	<p>B1.3. Participación en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, organizado, de forma xeral o discurso.</p>	<p>B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.</p>	<p>LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situación de comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- diálogos.</li> <li>- exposicións orais moi guiadas, con axuda cando cumpra das TIC.</li> </ul>
----------------------	--	---	---


b e	B1.4. Interese pola ampliación de vocabulario. B1.5. Creación de redes semánticas moixinxelas.	B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	<b>LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade.</b>	CCL
b d e i	B1.6. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da	B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral.	<b>LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.</b>	CCL CAA

	<p>mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e procedentes de diversas fontes.</p>			
--	--	--	--	--



b d e i  e	B1.7. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais e reportaxes audiovisuais sobre temas do seu interese.	CCEC CAA
b e	B1.8. Audición e reprodución de textos axeitados ao nivel que estimulen o seu interese.	B1.7. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL CAA CCEC
b e	B1.9. Dramatización de textos infantís.	B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	CCL
b e	B1.10. Produción de textos orais breves e	B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con	<b>LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.</b>	CCL CSIEE CAA


	sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.	vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, animais, obxectos e lugares seguindo unha orde.	CCL
			<b>LCB1.9.3. Utiliza correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...</b>	CCL
a d e m	B1.11. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	



b e	B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	<b>LCB2.1.1. Le con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.</b>
e b	B2.2. Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moi redundantes.	B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.2. 1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.

e	B2.3. Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade.	B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxías textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados á súa idade.	<b>LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxías textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións...</b>
b e	B2.4. Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.	B2.4. Mostrar interese e gusto pola lectura.	<b>LCB2.4.1. Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.</b> LCB2.4.2. Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.


<p>b e</p>	<p>B2.5. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan Lector.</p>	<p>B2.5. Progresar na adquisición do hábito lector.</p>	<p>LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información ou para o seu lecer.</p>	<p>CCL CD CAA</p>
----------------	---	---	---	---------------------------



e	B3.1. Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.	B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.	<p><b>LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sonsnas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.</b></p> <p>LCB3.1.2. Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesías, noticias...</p>
e	B3.2. Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na	B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.



	comunicación escrita.		
b e	<p>B3.3. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura.</p> <p>B3.4. Produción de textos segundo o Plan de escritura.</p>	<p>B3.3. Planficar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo a seu formato (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación.</p>	<p><b>LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...</b></p> <p>LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.</p>





b e	B4.1. A palabra. Iniciación da orde alfabética. Recoñecemento das características e uso das diferentes clases de palabras. Xénero e número do nome. Tempos verbais.	B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua.	<b>LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.</b> <b>LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.</b> LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas. <b>LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.</b> LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.
--------	---	--	--

			<b>LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.</b>
			<b>LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en tempos sinxelos.</b>

b e	B4.2. Vocabulario . Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Comparacións e palabras derivadas.	B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	CCL
			LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.	
			LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativo en textos orais e escritos.	
			LCB4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	
b e	B4.3. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Signos de puntuación.	B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	<b>LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.</b>	CCL
e	B4.4. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: oración simple,	B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	<b>LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.</b>	CCL

	suxeito e predicado.			
e i	B4.5. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao alcance e propios da súa idade.	B4.5. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativas dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	CCL CD CAA
d e o	B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CSC

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

d e	B5.1. Coñecemento e lectura guiada de contos tradicionais: maravillosos, de fórmulas, de animais...	B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	LCB 5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, adiviñas.	CCL CCEC
			LCB 5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	
d e	B5.2. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal. B5.3. Uso da biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	B5.2. Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	LCB 5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	CCL CCEC
			LCB 5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	
b d e	B5.4. Recreación e composición de textos literarios: contos, poemas, adiviñas.	B5.4. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.	LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CSC CCEC

<p>d e o</p>	<p>B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recursos de gozo persoal.</p>	<p>B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p><b>LCB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</b></p>	<p>CCL CSC CCEC</p>
----------------------	--	---	---	-----------------------------



## **b) LINGUA GALEGA E LITERATURA: OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE.**

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs... Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moito lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era da internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e as cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog. Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área.

Pola súa parte, os contidos didácticos defínense como un conxunto de informacións diversas que permiten e deben potenciar a construción dos coñecementos do alumnado, para que así sexan aplicados en situacións reais do seu entorno. Así, a área de Lingua Galega e Literatura artículase en cinco bloques de contidos que se traballarán de xeito integrado ao longo de todo o curso:

**Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.

**Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.

**Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.

**Bloque 4.** Coñecemento da lingua.

<b>ÁREA: LINGUA GALEGA E LI ERATURA CURSO: PRIMEIRO</b>	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de
Obxectivos			

a e	B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio ou da televisión para obter información xeral relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.	B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	<b>LGB1.1.1. Com relevante de procedentes próximos á ex</b>
b d e i	B1.2. Comprensión global e específica de información audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.	B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Com específicas m audiovisuais sin sons moi redu

a b c e o	B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián do ámbito académico.	<b>LGB1.3.1. Par iguais, compren contestando se</b>  LGB1.3.2. Sigue ou explicacións s  <b>LGB1.3.3. Elabo breves e sinxel</b>
a c e o	B1.4. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.	B1.4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situación comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.	<b>LGB1.4.1. Atenc demais, en co interromper.</b>  <b>LGB1.4.2. Resp fala, en situació</b>


a c d e o	B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a	B1.5. Participar nasdiversassituacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral	<b>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</b>	CCL
			<b>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</b>	CCL CSC CCEC
			LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	
			LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	

	quen fala e actitude receptiva de escoita).			
a b e	B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	B1.6. Usar fórmulas sinxe-las de tratamento adecua-das nos intercambios comunicativos máis habituais.	<b>LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</b>	CCL CAA
b d e o	B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo.	LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	CCL CCEC CSC CAA

e o	B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	<b>LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.</b>	CCL CSC CAA CEC
a d e o	B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	CCL CSC
			LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	CCL CSC
a d e	B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en	B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	CCL CSC

	<p>diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>		<p>LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	
--	---	--	---	--





<p>b e l j o</p>	<p>B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</p> <p>B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos</p>	<p>B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</p>	<p>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.</p> <p><b>LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</b></p>

	<p>próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.</p> <p>B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</p>		<p><b>LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</b></p>
--	--	--	--

--	--	--	--


b e	B2.4. Interpretación da información das ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL CAA CSC CSIEE
a b e	B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	<b>LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.</b> <b>LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.</b>	CCL CAA
a b e i	B2.6. Introducción ao uso xeral das bibliotecas da	B2.4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento.	LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	CCL CAA CSC

	<p>aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.</p>			
			<p><b>LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos.</b></p>	<p>CCL CAA CSC</p>

a b e	B2.7. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.	LGB2.5.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.	CCL CAA CSC
a b e	B2.8. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.	B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.6.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de co-municación.	CCL CAA CSC CEC
a b e m	B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da	B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica	CCL CAA

	<p>capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p>	<p>interese, así como ser quen de expresar preferencias.</p>	<p>dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.</p>	
			<p>LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.</p>	<p>CCL CSC CAA CSIEE</p>





<p>a b e</p>	<p>B3.1. Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situación cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.</p> <p>B3.2. Composición de textos</p>	<p>B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situación cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</p>	<p><b>LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moixinxelos relativos a situación cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.</b></p> <p><b>LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.</b></p> <p><b>LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.</b></p>

	<p>moisixelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.</p> <p>B3.3. Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descrições,</p>		<p><b>LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</b></p> <p>LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.</p> <p><b>LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.</b></p>
--	---	--	--

explicacións  
elementais).

B3.4. Respecto  
polas convencións  
xerais da escrita:  
uso das maiúsculas  
e do punto.


<p>a b e</p>	<p>B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>	<p>B3.2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>	<p><b>LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</b></p>	<p>CCL CAA</p>
----------------------	--	--	--	--------------------

<p>a b e j o</p>	<p>B3.6. Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<p>B3.3. Elaborar textos moisinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<p>CCL CSC CCEC CAA CSIEE</p>
----------------------------------	---	---	---	---

<p>b e i j</p>	<p>B3.8. Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.</p>	<p>B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.</p>	<p>LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes coseucontido.</p>	<p>CCL CD CSIEE</p>
<p>a b e i</p>	<p>B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. B3.10. Interese polos textos escritos como medio de</p>	<p>B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p><b>LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.</b></p> <p>LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>CCL CD CAA</p> <p>CCL CSC</p>


	<p>aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.</p>		
--	--	--	--





e	<p>B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.</p> <p>B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.</p>	<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñecen estes, de forma xeral, palabras e sílabas</p> <p><b>LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.</b></p> <p><b>LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.</b></p> <p><b>LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.</b></p>

<p>b e</p>	<p>B4.3. Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.</p>	<p>B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.</p>	<p><b>LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</b></p>
<p>e</p>	<p>B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.</p>	<p>B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p>	<p><b>LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.</b></p> <p><b>LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.</b></p>



<p>b d e o</p>	<p>B5.1. Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.</p> <p>B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da</p>	<p>B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.</p>	<p>LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.</p> <p>LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p>

	<p>nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p>		
--	---	--	--

	<p>B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente e á expresividade e á autonomía lectoras.</p>	<p>B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</p>	<p><b>LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.</b></p> <p><b>LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lecto-ra.</b></p>	<p>CCL CCEC</p>
--	---	---	---	---------------------

<p>b e o</p>	<p>B5.4. Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.</p>	<p>B5.3. Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos.</p>	<p><b>LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.</b></p>	<p>CCL CCEC CSC</p>
<p>a d e o</p>	<p>B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal</p>	<p>B5.4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>CCL CCE CSC</p>

<p>a d e o</p>	<p>B5.6. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. B5.7. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.</p>	<p>B5.5. Aposar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.</p>	<p>LGB5.5.1. Aposar curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.</p>	<p>CCL CCEC</p>
----------------------------	---	---	--	---------------------



### **c) CIENCIAS DA NATUREZA: OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE.**

As Ciencias da Natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, a comprender o noso medio e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria. A través delas achegámonos ao traballo científico e á súa contribución aodesenvolvemento, polo que é necesario proporcionar a todos os alumnos e alumnas as bases dunha formación científica que os axude a desenvolver as competencias necesarias para desenvolverse nunharealidade cambiante cada vez máis científica e tecnolóxica.

O desenvolvemento da ciencia e da actividade científica é unha das claves esenciais para entender a evolución da humanidade. Na actualidade, a ciencia é un instrumento indispensable para comprender o mundo que nos rodea e os seus cambios, así como para desenvolver actitudes responsables sobre aspectos relacionados cos seres vivos, os recursos e o medio natural. Por todo iso, os coñecementos científicos intégranse no currículo básico da Educación Primaria e deben formar parte da educación de todos os alumnos e alumnas.

A través da área de Ciencias da Naturezao alumnadoiníciáanse no desenvolvemento das principaisestratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipóteses, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas. Os bloques de contido que articulan a área son os seguintes:

**Bloque 1.** Iniciación á actividade científica.

**Bloque 2.** O ser humano e a saúde.

**Bloque 3.** Os seres vivos.

**Bloque 4.** A materia e a enerxía.

**Bloque 5.** A tecnoloxía, aparellos e máquinas.

**ÁREA:**  
**CIENCIAS DA NATUREZ**  
**CURSO: PRIMEIRO**

Obxectivos

Contidos

Criterios de avaliación

--

--

<p>b e h i j</p>	<p>B1.1. Iniciación á actividade científica. B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou representacións</p>	<p>B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.</p>	<p>C e f e C e f</p>

	para recollir conclusións.		
--	-------------------------------	--	--

<p>a b c m</p>	<p>B1.5. O traballo cooperativo.</p> <p>B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.</p> <p>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</p>	<p>B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</p>	<p><b>CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta aos compañeiros/as, ao material e as normas de convivencia.</b></p>	<p>CAA CMCCT CSIEE</p>
<p><b>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</b></p>				
<p>a b e d h</p>	<p>B2.1. Identificación do home e da muller como seres vivos.</p>	<p>B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</p>	<p><b>CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</b></p> <hr/> <p><b>CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.</b></p>	<p>CMCCT CSC CCL</p>

k m	B2.2. Comparación con outros seres vivos. B 2.3. Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas. B2.4. Identificación das partes do corpo humano. B2.5. Identificación e verbalización das emocións.		CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións sentimentos propios e alleos.	
--------	--	--	--	--

<p>a b d h k m</p>	<p>B2.6. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.</p>	<p>B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixienepersoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.</p>	<p><b>CNB2.1.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.</b></p>	<p>CMCCT CSC</p>
			<p><b>CNB2.1.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.</b></p>	<p>CMCCT CSC</p>
<p>b c e g h</p>	<p>B2.7. Identificación de alimentos diarios necesarios. B2.8. Análise e costumes na alimentación diaria.</p>	<p>B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.</p>	<p>CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.</p>	<p>CMCCT CSIEE</p>


### BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

h e	B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais.	B3.1. Identificar e clasificar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	<b>CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais en diferentes soportes.</b>	CMCCT CCL
	B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.		<b>CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.</b>	
			<b>CNB3.1.3. Avisa condutas de respecto e coidado cara os seres vivos.</b>	




<p>a b c e h i j l m o</p>	<p>B3.3. Observación e identificación de animais e plantas do contorno. B3.4. Clasificación e registro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados empregando diferentes soportes. B3.5. Valoración da responsabilid ade no coidado de plantas e</p>	<p>B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.</p>	<p>CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.</p>	<p>CMCCT CCL CAA CSIEE CD</p>
--	---	--	---	---


	animais domésticos e do contorno.			
--	---	--	--	--



<p>a b e h</p>	<p>B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.</p> <p>B4.2. Uso responsable da augana vida cotiá.</p> <p>B4.3 Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo.</p>	<p>B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.</p>	<p>CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.</p> <p>CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable de auga na escola.</p>
----------------------------	--	---	---

<p>b g h</p>	<p>B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura)</p>	<p>B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.</p>	<p>CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.</p>
----------------------	--	--	---





a b e c	B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.	B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos	<b>CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.</b>
------------------	--	---	---

<p>d h j m</p>	<p>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoiras, espremdor...).</p> <p>B5.3. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá.</p>	<p>con seguridade evitando estereotipos sexistas.</p>	<p>CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.</p>
<p>a b h i</p>	<p>B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.</p>	<p>B5.2. Empregar ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.</p>	<p>CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.</p> <p>CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.</p>



## **d) CIENCIAS SOCIAIS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE.**

A área de Ciencias Sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global.

O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes benscomúns e compartidos.

A mobilización de todos os recursos que conforman a área contribuirá á adquisición das competencias clave e aodesenvolvemento integral do alumnado ao longo de toda a etapa. Para iso, os elementos curriculares de Ciencias sociais deberán abordarse desde un enfoque metodolóxico práctico, integral, de uso social e con carácter funcional.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dunxeito global e interdisciplinar.Os bloques nos que se distribúen os contidos da área son os seguintes:

**Bloque 1.** Contidoscomúns.

**Bloque 2.** O mundo en que vivimos.

**Bloque 3.** Vivir en sociedade.

**Bloque 4.** As pegadas do tempo.

**ÁREA:**

**CIENCIAS SOCIAIS**

**CURSO: PRIMEIRO**

Obxectivos


Contidos

Criterios de avaliación

Estándar

<p>b d e h i</p>	<p>B1.1. O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen á iniciación do coñecemento científico.</p> <p>B1.2. Propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <p>B1.3. Introducción no uso das TIC e outras fontes para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación de conclusións.</p> <p>B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos.</p>	<p>B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<p>CSB1.1. recolle observa iniciando fontes d informac conclusi</p> <p><b>CSB1.1.</b> <b>planifica</b> <b>tarefas</b> <b>ten inici</b> <b>asume r</b></p>
----------------------------------	--	--	---

<p>a b c d m</p>	<p>B1.5. O traballo en equipo. B1.6. Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudio. B1.7. Valoración do esforzo e coidado do material. B1.8. A cooperación e o diálogo como valores democráticos na resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.  B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.</p>	<p><b>CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</b></p> <p>CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</p>	<p>CSC CAA  CCL CMCCT CSC</p>
<p>h o</p>	<p>B1.9. Utilización da terminoloxía propia da área.</p>	<p>B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.</p>	<p><b>CSB1.2.1. Identifica a terminoloxía propia da área.</b></p>	<p>CCL CMCCT CSC</p>



h j o	B2.1.A contorna física: observación das características principais.	B2.1. Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	<p>CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.</p> <p><b>CSB2.1.2. Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.</b></p>
h a o	B2.2. O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través dos sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e o consumo responsable.	<p>B2.2. Recoñecer as características básicas do aire a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.</p> <p>B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima</p>	<p><b>CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.</b></p> <p>CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.</p>

<p>g h i o</p>	<p>B2.3. O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próxima e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación.</p>	<p>B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>	<p><b>CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</b></p>
----------------------------	---	--	--

		B2.5. Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación do tempo dos xornais.	CSB2.5.1. Realiza observacións sinxelas, recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.	CMCCT CAA
h g e	B2.4. Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás diferentes partes do día e da noite.	B2.6. Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida. B2.7. Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	<b>CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.</b>  <b>CSB2.7.1. Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.</b>	CMCCT CCL CAA



a h o	B2.5. Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza.	B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	<b>CSB2.8.1. Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunhas accións humanas máis destacadas da contorna próxima.</b>	CMCCT CAA
		B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	<b>CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.</b>	CSC CMCCT
<b>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE</b>				
a c h	B3.1. Investigamos sobre as relacións de parentesco e roles familiares.	B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias.	<b>CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.</b>	CSC CAA CMCCT

a h	B3.2. A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.	B3.2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respecta.	CSC CCL CMCCT
--------	---	---	--	---------------------

a h	B3.3. Os deberes e dereitos das persoas. A assemblea de clase como momento de reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.	B3.3. Recoñecer a pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos da convivencia.	<b>CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.</b>	CSC
h e o	B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.	B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna. B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila e aldea.	<b>CSB 3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.</b> CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas. <b>CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.</b>	CMCCT CAA CCL CEC  CCL CMCCT
h e	B3.5. Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento.	B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e clasificar segundo a función de uso.	<b>CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.</b>	CMCCT CAA

h n	B3.6. Educación viaria. Camiñando pola rúa.	B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos que deberá recoñecer un peón para unha circulación óptima pola rúa.	<b>CSB3 7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns...</b>	CSC CAA
--------	--	--	---	------------

j h o	B3.7. Manifestacións culturais da contorna.	B3.8. Coñecer algunhas das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	CSB 3.8.1. Cita e valora algunhas das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na súa contorna e contribúe á súa conservación.	CEC CSC CCL
<b>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO</b>				
c g h e	B4.1. Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	B4.1. Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución de algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades básicas de medida temporais.	<b>CSB4.1.1. Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución dalgúns feitos relevantes da súa vida persoal e emprega as unidades de medida de tempo máis básicas.</b>	CSC CAA CCL
		B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través dunha árbore xenealóxica	CSB4.1.2. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSC CAA CCL

		sinxela dos membros da súa familia.		
h g e	B4.2. Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes.	B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo.	<b>CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.</b>	CMCCT CCL



**e) MATEMÁTICAS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE.**

As matemáticas permiten coñecer e estruturar a realidade, analízala e obter información para valorala e tomar decisións; son necesarias na vida cotiá, para aprender a aprender, e tamén polo que a súa aprendizaxe chega á formación intelectual xeral, e a súa contribución ao desenvolvemento cognitivo. O uso das ferramentas matemáticas permite abordar unha gran variedade de situacións.

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, e constitúen unha forma de analizar diversas situacións, identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade, etc. axúdannos a afrontar as situacións abertas, sen solución única e cerrada; son un conxunto de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e as situacións que se presentan na realidade, para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntarnos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que implican non só utilizar cantidades e formas xeométricas senón, e sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas. Os bloques de contidos que se abordan en Matemáticas son os seguintes:

**Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.

**Bloque 2.** Números.

**Bloque 3.** Medida.

**Bloque 4.** Xeometría.

**Bloque 5.** Estatística e probabilidade.

<b>ÁREA: MATEMÁTICA</b>			
<b>CURSO: PRIMEIRO</b>			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares





g e	B1.1. Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.	B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	<b>MTB1.1.1</b> <b>forma s</b> <b>resolució</b> <b>matemáti</b> <b>realidade</b>
g b	B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	<b>MTB1.2.1</b> <b>axeitadas</b> <b>ordenado</b> <b>aspecto</b> <b>matemáti</b>
g i	B1.3. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	MT1.3.1. dos med aprendiza

e g	B2.1. Números naturais ata o 99.	B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	<b>MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.</b>

	<p>B2.2. Nome e grafía dos números ata o 99.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.</p> <p>B2.6. Identifica o número maior, o</p>		<p><b>MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.</b></p>
--	--	--	--

	menor e o igual a un dado.		
b e g	<p>B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.</p> <p>B2.8. Utilización e relación dos números ordinais.</p> <p>Comparación de números.</p>	<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<b>MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.</b>
			<b>MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos da vida cotiá números naturais ata o 99.</b>
			<b>MTB2.2.3. Descompón números naturais, interpretando o valor de posición das súas cifras.</b>
			<b>MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.</b>

<p>b g</p>	<p>B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias de cálculo mental. B2.10. Gusto pola representación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados. B2.11. Cálculo de sumas e restas. B2.12. Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p><b>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas dados.</b></p> <p><b>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.</b></p> <p>MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na resolución de cálculos numéricos básicos.</p>
<p>b g</p>	<p>B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.</p>	<p>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as</p>	<p><b>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</b></p>

		matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.2. Iníciase a reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
--	--	---	---

g	B3.1. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais.	<p>B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.</p> <p>B3.2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou coa balanza.</p>	<p><b>MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.</b></p> <p><b>MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.</b></p>



	B3.2. Estimacións de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades) en contextos familiares.	B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	<b>MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.</b>
g	B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.  B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.	B3.4. Iniciarase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	<b>MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e a súa relación. Minuto, hora, día, semana e ano.</b>
			<b>MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.</b>
			<b>MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria empregando as medidas temporais e a súa relación.</b>


<p>b g</p>	<p>B3.5. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. B3.6. Equivalencias entre moedas e billetes.</p>	<p>B3.5. Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</p>	<p><b>MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5, 10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.</b></p>	<p>CMCC T CAA</p>
<p>b g</p>	<p>B3.7. Resolución de problemas de medida.</p>	<p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuadas ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados.</p>	<p><b>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</b> MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.</p>	<p>CMCT CAA CSIEE</p>

**BLOQUE 4. XEOMETRÍA**

b e g	B4.1. Interpreta ción de representacións espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá.	B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	<b>MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando conceptos de esquerda-dereita, diante- detrás, preto - lonxe e próximo - afastado.</b>	CMCT CAA CCL
	B4.2. Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia. B4.3. Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos.		<b>MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outro utilizando conceptos de esquerda-dereita, diante- detrás, preto - lonxe e próximo - afastado.</b>	CMCT CAA CLL

	<p>B4.4. Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia na busca de solucións.</p> <p>B4.5. Uso do vocabulario xoemétrico para describir liñas abertas e pechadas; rectas e curvas.</p> <p>B4.6. Busca de elementos de regularidade en figuras e corpos a partir da manipulación.</p>			
--	--	--	--	--

b g	B4.7. Figuras planas e espaciais: clasificación de figuras planas.	B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	<b>MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.</b>	CMCT CAA
b g	B4.8. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<b>MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados.</b>  MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CAA CSIEE



b g	B5.1. Recollida e clasificación de datos.	B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	<p><b>MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.</b></p> <p>MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.</p>

## **f) EDUCACIÓN PLÁSTICA: OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTANDARES DE APRENDIZAXE.**

Á hora de abordar a Educación artística, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

É de especial importancia, xa que o tratamento da información visual na vida cotiáxera e precisa capacidades de pensamento crítico. Posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc.

Nesta etapa, a área artística sitúasenu un lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo. Establécense tres bloques de contidos:

**Bloque 1.** Educación audiovisual.

**Bloque 2.** Expresión artística.

**Bloque 3.** Debuxo xeométrico.




**ÁREA: EDUCACIÓN  
ARTÍSTICA (PLÁSTICA)  
CURSO: PRIMEIRO**

ÁREA

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)  
CURSO CUARTO

Objetivos	Contidos	Criterios de evaluación	Estándares de aprendizaje
-----------	----------	-------------------------	---------------------------

--




e j b	B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno.	B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.	<b>EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.</b>
-------------	--	---	---

<p>a j b</p>	<p>B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo.</p> <p>B1.3. Satisfacción na manipulación e na exploración de diferentes materiais.</p> <p>B1.4. Interese por usar adecuadamente os instrumentos, os espazos etc.</p>	<p>B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.</p>	<p>EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.</p>
----------------------	--	---	---

j e	<p>B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico.</p> <p>B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</p> <p>B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos ousinais.</p>	<p>B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.</p>	<p>EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.</p>	<p>CCEC CAA</p>
			<p><b>EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.</b></p>	<p>CCEC CCL</p>
			<p><b>EP1.3.3. Identifica os tamaños.</b></p>	<p>CMCCT CCEC</p>
			<p><b>EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.</b></p>	<p>CCL</p>
			<p><b>EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.</b></p>	
			<p><b>EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.</b></p>	
			<p><b>EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña.</b></p>	

<p>j e</p>	<p>B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas.</p> <p>B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas.</p> <p>B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera.</p>	<p>B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas.</p>	<p><b>EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.</b></p>	<p>CCEC CCL CSIEE</p>
<p>j</p>	<p>B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación coespazo.</p> <p>B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.).</p>	<p>B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo.</p>	<p>EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo.</p> <p>EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.</p>	<p>CMCCT CAA CCEC  CCEC CAA</p>

--	--	--	--	--





j	B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.	B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	<p>EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.</p> <p><b>EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.</b></p> <p><b>EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.</b></p> <p><b>EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.</b></p>
j	B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións,	B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o	<b>EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.</b>

	<p>volumes, encartado de formas etc.</p> <p>B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.).</p> <p>B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras.</p>	<p>mundo imaxinario, afectivo e social.</p>	<p><b>EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).</b></p>
--	---	---	--

<p>a</p> <p>b</p>	<p>B2.5. Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos. .</p>	<p>B2.3. Respeitar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos.</p>	<p><b>EPB2.3.1. Respeita as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.</b></p>	<p>CCEC</p> <p>CSC</p>
-------------------	--	---	--	------------------------

## **G) ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas –persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. Valores sociais e cívicos contribúe a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de reflexión, síntese e estruturación. Axúdaos a enfrontarse aos problemas, experimentar e realizar proxectos en equipo, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente. Haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado –xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial– para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade.

Para facilitar a concreción curricular establécense tres bloques de contidos:

- **Bloque 1.** A identidade e a dignidade da persoa.
- **Bloque 2.** A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.
- **Bloque 3.** A convivencia e os valores sociais.

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS	CURSO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competen- cias clave
<b>BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA</b>				
▪ m	▪ B1.1. O autoconhecimento. A toma de conciencia dun mesmo/a. A autopercepción positiva das calidades persoais. A descrición física.	▪ B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.</b></li> <li>▪ VSCB1.1.2. Expresa oralmente a súa autodescrición.</li> <li>▪ VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
▪ a ▪ m	▪ B1.2. As emocións. Identificación e expresión. O vocabulario das emocións. Os estados de ánimo.	▪ B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.</li> <li>▪ VSCB1.2.2. Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións</li> <li>▪ <b>VSCB1.2.3. Dramatiza diferentes estados de ánimo.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
▪ m	▪ B1.3. A autorregulación das condutas cotiás. O control dos impulsos. A relaxación.	▪ B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.3.1. Participa na práctica de técnicas de relaxación.</li> <li>▪ VSCB1.3.2. Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.</li> <li>▪ <b>VSCB1. 3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
▪ b			▪ <b>VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.</b>	▪ CSIEE

	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. A responsabilidade. A realización responsable das tarefas. As consecuencias das accións. A motivación extrínseca.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Habilidades de comunicación: A importancia de pensar o que se vai expresar. Compoñentes da comunicación non verbal: postura, xestos, expresión facial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.1.1. Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. A conversa. A expresión clara das ideas. A escoita atenta. O respecto da quenda de palabra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.2.1. Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB2.2.2. Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. O respecto e a valoración dos e das demais. A empatía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.3.4. Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>m</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.4.1. Representa e dramatiza diferentes formas de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. O respecto e a valoración. A comprensión dos e das demais. A detección das calidades doutras persoas. O descubrimento e a comprensión das diferenzas.</li> </ul>	<p>persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. As habilidades sociais. A detección das propias necesidades. A boa disposición para recibir e dar axuda. A participación en actividades lúdicas grupais. O gozo da amizade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CNIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CNIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.1.4. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CNIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. A resolución de conflitos. Identificación de situacións agradables e desagradables na vida cotiá. Recoñecemento dos conflitos habituais. Explicación dos conflitos cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2.Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.2.1.Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. As normas de convivencia. O coñecemento e o respecto das normas de convivencia na casa e na aula. A valoración das condutas cotiás en relación coas normas de convivencia.</li> <li>B3.4. Respecto e conservación do medio ambiente. O uso responsable dos materiais persoais e escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3.Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5.Valoración da igualdade de dereitos entre homes e mulleres na familia e na escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. A educación viaria. As normas básicas de educación viaria. Sinais de tráfico para os peóns ou peoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB3.5.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CSC</li><li>▪ CAA</li></ul>
			<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CSC</li><li>▪ CCL</li></ul>



## **16.- PROGRAMAS EDUCATIVOS**

16.1.-EQUIPO DE BIBLIOTECA será o encargado de definir as liñas prioritarias do proxecto de centro que agrupará todas as áreas. Neste curso levará por título NAMORARTE e estará adicado ás diferentes expresións artísticas. Tamén planificarán as actividades en RADIO RADIOLA, a radio do centro.

-PLAN LECTOR: no itinerario lector de 1º e 2º están incluídos os seguintes títulos

“Mi mejor amigo y el tesoro”

“El sastrecillo valiente”

“El libro de los hechizos”

“La gallina que puso un huevo”

-Ademais destes títulos ó longo do curso poderanse propor diferentes lecturas de acordo coas celebracións que teñen lugar ó longo do curso escolar ou dos contidos curriculares que se traballen nese momento. O equipo de biblioteca farao de forma explícita en aquelas festividades máis relacionadas coa súa temática: Día da Biblioteca, Semana da Prensa....

16.2.-EDUCACIÓN DIXITAL: no centro temos un equipo TIC que se adica a todos aqueles aspectos relacionados coas tecnoloxías. Dende a titoría os nenos e as nenas irán, como mínimo, unha hora semanal á aula de informática, onde empezarán a usar as ferramentas dixitais e traballarán diferentes aspectos curriculares.

16. 3.-EXTRAESCOLARES: ó longo do curso o Equipo de Actividades Extraescolares propondrá diferentes actividades facendo referencia ás celebracións de obrigado cumprimento: Día da Infancia, Día da Paz, Día do Medioambiente....

## **17.-PLAN DE CONVIVENCIA**

Neste plan establécense as normas de organización e funcionamento que nos rixen como centro, así como as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa.

É tarefa de todo o profesorado velar polo seu cumprimento, aínda que a responsabilidade e potestade para efectuar diferentes accións sancionadoras e preventivas recae na figura da directora.

Dispoñemos dunha aula de convivencia á que acudirán aqueles alumnos ou alumnas que impidan unha actividade normal na aula por presentar conductas disrutivas. Nesta aula poderán reflexionar e continuar alí as súas tarefas.